



Instalación 'Flor e acanto' no recibidor do CGAC.

—Crítica de arte

O oco baleiro que fica entre as palabras



Alex Mene

Escritor e catedrático de instituto

Pisando Charcos,
Almudena Fernández Fariña
CGAC. Santiago de Compostela
2 xuño 2023-10 setembro 2023
Comisaria: Susana Cendán

Ao entrar no CGAC atopámonos cunha instalación titulada *Flor e acanto* que cobre as paredes do vestíbulo do edificio proxectado por Álvaro Siza, un proxecto específico para celebrar a exposición individual de Almudena Fernández Fariña (Vigo, 1970) que percorre a súa carreira dende que comezou a dar as súas primeiras

palabras no eido da creación. E xusto aí, na entrada do edificio, con esa pintura expandida, comeza a mostra a modo de conto clásico. Esa entrada non é máis que a tobeira pola que se meteu o coello branco que, fuxido do conto de *Alicia no país das maravillas*, nos invita a deixarnos caer para chegar a esoutro mundo que Almudena, transmutada en Alicia, nos convida a percorrer.

As follas de acanto, tamén chamada herba da bruxa, colonizan as paredes. Son as mesmas follas que adornan a portada da veciña igrexa de San Domingos de Bonaval; o lugar que acolle o repouso eterno de persoeiros ilustres da nosa cultura. Talvez unha faba máxica foi arrastrada polo vento dende a igrexa até este ástrago do CGAC. Unha semente que xermolou ao abeiro –amor e calor– das mans da artista meiga; a muller sabia.

As pinturas do recibidor, sitio onde se acolle, o principio dun edificio ou dun conto, convéntense tamén en metáfora do mito da caverna. Sombras doutra rea-

— Ao dar os primeiros pasos, asistimos marabillados á psicomaxia e mais ao magnetismo da pintura

lidade que só intuimos. Siluetas que se axitan na néboa noutra dimensión. Humedén que vai conformando formas ao azar para falarmos do alén mundo.

A artista retoma o legado de Lucy, un dos primeiros homínidos, para decorar con pinturas as paredes da gruta, para alumear con arte as tebras da cova. Almudena é unha artista nun labirinto que é un centro de arte contemporánea que é unha palafurna pola que debemos internarnos acompañados tan só coa luz do seu talento. E, de súpeto, ao dar os primeiros pasos, asistimos marabillados ao magnetismo da pintura, ao influxo da psicomaxia. Velái o material; as follas de acanto están debuxadas con po de grafito coma metáfora da cinza que seremos. Da cinza dos nosos días. Da cinza dos corpos que repousan a carón do CGAC. Das cinzas da nosa cultura. Das cinzas da ave fénix representada nas catacumbas como símbolo de resurrección.

Tecer e pintar

Na primeira sala, a artista cóntanos que o trazo co que se escribe é o resultado da prolongación das liñas das nosas mans. E asume a tarefa de quiromante con audacia para ser quen de ler esas liñas, mais tamén para explorar o espazo que fica entre

as palabras. Pasado, presente e futuro confúndense nun mesmo tempo verbal.

Na segunda sala, a creadora non descoida o seu rol de guía nesta terra media, e por tal motivo afánase en desvelarnos a linguaxe secreta que se agocha nas redes modulares: mapas e cartas esféricas para interpretar, e que nos permiten coñecer as coordenadas das latitudes e altitudes polas que movernos sen caer baixo o influxo de falsos brillos. Ela, unha muller araña, tece e destece o mesmo fío que salvou a Ariadna. E con ese fío escribe unha arañeira de palabras que nos afogan e protexen asemade. Coser e cantar. Tecer e pintar.

A terceira sala está conformada cunha serie de pinturas que funcionan coma un xogo de espellos que debemos cruzar para ver o que se sitúa máis aló da máscara da arte contemporánea. Doutra volta aparece Alicia para axudarnos a cruzar ao outro lado da superficie puída, para percorrer con nós as liñas paralelas que se cortarán nalgún punto impropio, eses que latexan no infinito.

Ao final do percorrido, abandonamos a exposición evocando signos, síntomas e indicios por un corredor onde colgan unhas obras a medio camiño entre a escultura e a pintura, entre o bosquejo e o exercicio de taller: cadros que son flores que nos dan as costas. Universos en acios. A realidade está no outro lado. Alí, escoitando o eco dos nosos pasos, comprendemos que, se cadra, estamos a camiñar por unha fita de Moebius.

O poderío hipnótico da pintura de Fernández Fariña agroma do seu traballo coa sinestesia. A artista experimenta cos límites da pintura potenciando as sensacións visuais coas táctiles e viceversa. Ver coas mans e tocar cos ollos. Onde acaba o debuxo e comeza a pintura? Onde remata a pintura e comeza a escultura?

Sáímos do edificio, da caverna, con inqueda e asombro, baixo o influxo da maxia simpática; aquela que practicaban as tribos da prehistoria. Coa luminosa sensación de camiñar baixo o poder da creación, e coa beizón protectora dunha artista –Almudena ou Alicia?– que, actuando de fada madriña, borboriñou nos nosos ouvidos as palabras máxicas coas que enfrontarnos ao mundo. E todo isto sen renunciar ao encanto do silencio.